

A participación galega no Consello da UE⁽¹⁾: positiva pero insuficiente

Rocío Castro Tarrío

A importancia da Unión Europea para Galicia -pasada, presente e futura- é un feito fóra de toda dúbida: os sete primeiros mercados dos produtos galegos están na UE, recibimos miles de millóns de euros en fondos estruturais e a nosa realidade económica e social xa non se pode entender sen o que supuxo para este país entrar na Unión: unha importantísima mellora en infraestruturas pero tamén sacrificios importantes en sectores claves dunha economía anquilosada, que tivo que vivir unha dura reestruturación en sectores como a pesca, o agro ou a industria naval.

Claro que esta incidencia na nosa vida diaria e no noso futuro non se corresponde coa influencia na toma de decisións comunitaria. Tanto Galicia coma o resto das rexións europeas (teñan aspiracións nacionais ou non) foron avanzando aos poucos nas posibilidades de participación na vida política da Unión, abrindo oficinas de representación en Bruxelas, participando no Comité das Rexións ou na “comitología” (comités da Comisión Europea). Trátase dun proceso que semella imparabile e que está a contribuir á emerxencia dun modelo de gobernanza multinivel, onde as rexións se van consolidando como ese terceiro nivel de poder, iso si, moi lonxe dos Estados e da Unión.

Neste artigo imos analizar, desde o punto de vista da rendabilidade política e social, o último avance -e o máis importante até o momento- na presenza das rexións na vontade comunitaria. Trátase da participación directa de Galicia no Consello da Unión Europea, tamén chamado Consello de Ministros, o órgano executivo da UE. E isto é posible grazas aos Acordos de 2004 no seo da CARCE (Conferencia Sectorial para Asuntos Relacionados coas Comunidades Europeas, desde 2009 chamado CARUE), propiciados pola chegada ao Goberno do PSOE en Madrid.

Sen embargo, esta participación xa estaba prevista na lexislación europea desde o Tratado de Maastricht (1992), e outras rexións europeas -como as alemanas, as austríacas e as belgas- xa o levaban facendo con normalidade desde entón.

Como todos os avances na materia, este acordo tamén foi fillo dunha minoría parlamentaria que quería gañar os favores de nacionalistas vascos e cataláns. Os primeiros pasos das rexións na UE xurdiron coa perda da maioría absoluta de Felipe González, cando en 1994 se produciu o primeiro Acordo da CARCE sobre a parti-

(1) Este artigo está baseado no Traballo Fin de Máster titulado “*Participación da Comunidade Autónoma de Galicia no Consello da Unión Europea (2005-2009)*”, dirixido pola profesora Isabel Lirola Delgado. Foi lido en setembro de 2010 na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela, ante un Tribunal composto polos profesores Jorge Pueyo Losa, Julio Jorge Urbina e Carlos Teijo García, obtendo a máxima cualificación.